



RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS

EXPEDIENTE: <u>LU-00/506:15</u>
SITUACIÓN: <u>CANEIRO, 8, 4ºC, SARRIA, 27600 - SARRIA</u>

Por resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de Lugo de data 15 de marzo de 2022 iniciouse o proceso de selección de persoas adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ao expediente LU-00/506:15, ao abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, *polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas.*

Co obxecto de seleccionar as persoas adquirentes para a dita vivenda, esta foille ofertada a través da páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

No prazo citado non foi presentada ningunha solicitude para participar no procedemento de selección que cumprise todos os requisitos ou completase todos os trámites para poder ser designado adquirente.

A vivenda continuou publicitada na páxina web do IGVS para xeral coñecemento. Con data 13 de abril de 2022 presentouse unha solicitude de inclusión no procedemento de selección de adquirentes por don/a ADRIANA IBAÑEZ NEIRA e don/a JAVIER LIZ VÁZQUEZ (núm. de credencial 97690), que, logo da oportuna comprobación, cumpren os requisitos esixidos para ser designados adquirentes.

En consecuencia, o xefe territorial

ACORDA:

Declarar directamente adquirente a don/a ADRIANA IBAÑEZ NEIRA e JAVIER LIZ VÁZQUEZ (núm. credencial 97690)

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso de alzada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao de recepción da presente notificación perante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de conformidade co previsto no artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, 09 de maio de 2022.

A xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Margarita López Blanco
(Asinado electronicamente).

